




PROGRAMA

AGrupa


Impulso interno, impacto global



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O **programa AGRUPA** é unha iniciativa da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia da UDC –a través da Oficina de Coordinación de Centros (REDCIDI)– para o **fortalecemento e consolidación das capacidades de I+D+i** dos seus grupos, unidades e persoal investigador.

Proporciona recursos financiados tanto con fondos propios como procedentes de fontes externas captados pola UDC para a **definición e implantación de itinerarios de mellora en ámbitos prioritarios para o desenvolvemento da súa actividade investigadora**, a través de dúas liñas:



1

Servizos de asesoramento para a definición dun itinerario de mellora.

2

Incentivos económicos.

1. Servizos de asesoramento para a definición dun itinerario de mellora



Obxecto

Os grupos, unidades ou persoas investigadoras recibirán asistencia técnica para a definición de **obxectivos de fortalecemento e consolidación** e para a elaboración dunha **folia de ruta**. Esta última, que será obxecto dun seguimento anual, contemplará accións enfocadas a:

Abordar cambios na **organización e dinamización da actividade**.

Fortalecer as **capacidades de investigación e transferencia, a estratexia de financiamento** ou a **proxección internacional**.

Estas medidas poderán referirse aos seguintes aspectos:


- > Definición da estrutura organizativa do grupo ou unidade: agregación ou reordenación de capacidades.
- > Reforzo do liderado.
- > Busca de sinerxías con outros grupos, unidades ou persoas investigadoras.
- > Mellora da cohesión e colaboración interna.
- > Reorientación do foco estratéxico da investigación.
- > Reformulación dos ámbitos sectoriais e sociais de proxección da investigación.
- > Mellora da produción científica para un maior impacto.
- > Reforzo das actividades de valorización e transferencia.
- > Impulso da ciencia aberta.
- > Promoción da internacionalización.
- > Captación de recursos de fontes públicas e privadas.
- > Implantación de sistemas de control e xestión.
- > Outras cuestións que se consideren de interese en cada caso en particular.

Actividades

O servizo consiste en **sesións de traballo individualizadas**, nas que colabora un equipo de persoas expertas, cos grupos, unidades e investigadores e investigadoras beneficiarios do programa:




A



Fase de diagnóstico:

- > Exposición da actividade, traxectoria e obxectivos.
- > Elaboración dun DAFO.
- > Identificación de ámbitos prioritarios de mellora.


B



Fase de realización do itinerario de mellora:

- > Definición dos obxectivos de fortalecemento ou consolidación da actividade no período establecido.
- > Elaboración de folia de ruta.
- > Programación do cronograma de implantación.
- > Establecemento de fitos de seguimento.

C



Fase de seguimento da implantación do itinerario:

- > Revisión do cronograma.
- > Valoración do impacto na actividade.
- > Análise do panel de indicadores de seguimento.
- > Definición de medidas de axuste.

Perfil do equipo asesor

O servizo será prestado por un **equipo multidisciplinar de persoas expertas en xestión e promoción da investigación** cos seguintes perfís:

Persoal técnico de xestión, administración e servizos da UDC da Oficina de Coordinación de Centros (REDCIDI), do Servizo de Investigación (SERIN), da Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC), da Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI) e da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).

Profesionais da consultoría especializada en I+D+i de carácter externo.

Puntualmente, **PDI da UDC con coñecemento experto** nas temáticas de investigación do beneficiario ou beneficiaria do servizo.

Criterios de acceso

Grupos e unidades:

- > Estar integrados por persoal investigador activo.
- > Dispoñer de persoal de coordinación con experiencia en investigación e xestión.

Investigadores e investigadoras a nivel individual:

- > Ter a condición de persoal investigador activo.

Ámbito de aplicación

O servizo está dirixido a todos os grupos e unidades de investigación, así como a investigadores e investigadoras da UDC, con especial atención a:

- > Grupos de investigación con **avaliacións desfavorables** na convocatoria de consolidación e estruturación de unidades de investigación da Xunta de Galicia.
- > Grupos de investigación, de nova creación ou existentes, que contén co perfil necesario para **acceder por primeira vez** á devandita convocatoria.
- > Grupos de investigación acreditados como grupos de potencial crecemento (GPC) que queiran **optar á categoría de grupos de referencia competitiva (GRC)** na mencionada convocatoria da Xunta.
- > Grupos xa acreditados como GRC ou GPC que desexen **incrementar o nivel de financiamento** captado.
- > Grupos que se consideren **estratéxicos polo seu ámbito de estudo**, en especial das áreas das artes e humanidades e das ciencias sociais e xurídicas.
- > Unidades de investigación que aspiren a **constituírse como grupos**.
- > Investigadores e investigadoras que desexen **integrarse en grupos** de investigación.

Compromisos dos beneficiarios e beneficiarias

Os grupos, unidades e investigadores e investigadoras que resulten beneficiarios do servizo de asesoramento comprométense a:

- ✓ Participar nas **sesións de asesoramento**, achegar información sobre os **indicadores de seguimento** dos itinerarios de mellora e elaborar un breve **informe** sobre o uso e impacto xerado grazas ao apoio económico, de ser o caso.
- ✓ Considerar a **implantación das medidas propostas no itinerario de mellora** sobre reconfiguración organizativa, liderado, gobernanza, captación de fondos e/ou as demais cuestións que se contemplan nel.

A maiores, no caso dos grupos e unidades:

- ✓ Concorrer á **convocatoria interna de financiamento basal do programa AGRUPA** da UDC.
- ✓ Concorrer ás **axudas de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas** e outras accións de fomento da Xunta de Galicia.
- ✓ Incorporar ao **catálogo de investigación da UDC** as modificacións que se produzan na composición do grupo ou unidade de investigación como resultado deste proceso.

Avaliación do impacto

O resultado da avaliación de impacto do servizo de asesoramento establecerase conforme ao desempeño acadado polos grupos, unidades de investigación e investigadores e investigadoras, conforme aos seguintes baremos:

A

Beneficiarios/as que, mediante a execución do itinerario de mellora, **conseguiron optimizar o seu rendemento**, medido en termos dos indicadores establecidos no proceso de apoio técnico do programa.

B


Beneficiarios/as que, aínda tendo executado o itinerario segundo o plan trazado, **non conseguiron mellorar o seu rendemento** nos termos dos indicadores establecidos.

C

Beneficiarios/as que **non implementaron o itinerario de mellora** resultante do proceso de apoio técnico do programa.



2. Incentivos económicos



Obxecto

O programa AGRUPA contempla tamén a concesión de **financiamento basal para promover ou consolidar a actividade de investigación e transferencia** dos grupos, unidades e persoal investigador a nivel individual. Esta liña de apoio do programa instrumentalízase a través dunha **convocatoria de concorrencia competitiva** á que é requisito presentarse para os beneficiarios e beneficiarias do servizo de asesoramento.

A maiores, estableceranse outras accións para financiar de xeito específico:

- > A elaboración dun **plan de acción** para acadar obxectivos de mellora.
- > O **asesoramento** a cargo de consultoras externas para abordar accións de mellora.

Avaliación do impacto

As persoas coordinadoras dos grupos e unidades e os investigadores e investigadoras que reciban financiamento basal interno deberán elaborar un **informe anual** para reportar sobre o uso destes recursos e o impacto na súa actividade.

A revisión deste informe por parte da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia pode supoñer a revisión das condicións do apoio técnico e económico do programa en anos sucesivos.

Tramitación

- 1 Solicitud do servizo de asesoramento: **agrupa.redcidi@udc.gal**
- 2 Concorrencia á convocatoria de financiamento basal: **consulta as bases**

Información adicional

✉ agrupa.redcidi@udc.gal

☎ +34 881 012 682

📍 Rede de Centros e Unidades de I+D+i da UDC - REDCIDI
Ed. de Servicios Centrais de Investigación, Campus de Elviña
15071. A Coruña

Promove: Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Dirección técnica: Oficina de Coordinación de Centros (REDCIDI).

En coordinación con:

- Servizo de Investigación (SERIN).
- Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC).
- Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI).
- Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).

Programa aprobado pola Comisión de Investigación na súa xuntanza do 13 de xaneiro de 2025.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA